

PROXECTO DE FOMENTO
DO
USO DO GALEGO

CURSO 2011-2012



IES MONTE CARRASCO
DARBO(CANGAS)

INTRODUCCIÓN

Este proxecto de fomento do uso do galego incardínase no Proxecto Educativo de Centro, que aínda que está en proceso de revisión para adaptalo á LOE, ten entre os seus obxectivos os seguintes:

- *A adquisición de competencia lingüística nas dúas linguas cooficiais na comunidade autónoma.*
- *Impulsar o funcionamento do equipo dinamización lingüística, como instrumento para fomentar o uso do galego na comunidade educativa, a partir do respecto á lexislación vixente.*

Ademais, o citado Proxecto Educativo recolle a necesidade de coordinación entre todos os equipos que se constitúan no centro. Así, este “proxecto de fomento do uso do galego”, baseado no “proxecto lingüístico de centro”, ten como premisas:

- *a coordinación co responsable da Biblioteca, para desenvolver o Proxecto Lector de Centro, a través, do Plan Anual de Lectura que implica a colaboración co club de lectura do centro.*
- *a coordinación co equipo de actividades complementarias e extraescolares,*
- *a coordinación co profesorado que imparte o Proxecto Interdisciplinar en 1º ESO,*
- *a coordinación co responsable do fomento do uso das TIC no centro,*
- *a busca de maior participación posible da comunidade educativa no proxecto que se presenta.*
- *a coordinación coa ANPA para desenvolver determinadas actividades (Magosto, Entroido, Recital de poesía...).*

1. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

1.1.-CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O IES Monte Carrasco está situado no concello de Cangas (26000 habitantes), parroquia de Darbo, e ten como centro adscrito o CEIP San Roque da mesma parroquia. A maioría da poboación dedícase a oficios relacionados co mar (mariñeiros, conserveiras, redeiras), Citroën ou sector servizos, sendo o seu lugar de traballo tanto Vigo como Cangas.

O centro escolariza a 123 alumnos e alumnas de ESO; a súa lingua de uso é o castelán, coñecen o galego, escóitano na casa e algún fálao no medio familiar pero no instituto e entre os amigos empregan o castelán. Segundo as enquisas feitas un 99% do alumnado emprega o castelán coloquialmente entre compañeiros/as.

1.2.-SITUACIÓN DO PROFESORADO E DO CENTRO

O cadro de profesorado do centro é de 23 profesoras e profesores. A maioría do profesorado utiliza o galego como lingua vehicular.

O centro cumpre co decreto 79/2010 de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

O EDLG do CURSO 2011-2012 está constituído polos seguintes membros:

Coordinadora : Luz E. Jares Fernández (Dep.de Francés)

Membros docentes:

- *Seila Acuña Ferradanes(Dep. de Plástica)*
- *Rocío Alonso Alonso(Dep. de Ciencias Sociais)*
- *Pilar Alonso Leivas (Dep. Lingua e Literatura Galega)*
- *Xaquín Pastoriza Cerviño (Dep. de Ciencias Sociais)*
- *Rosa Varela Rodríguez (Dep. Lingua e Literatura Galega)*

Membros non docentes:

- *Raquel Borrajo Poza (auxiliar administrativo)*
- *Carlos Camaño Rial (Consello Escolar)*

Alumnado:

- *Aldara Martínez Guardado*

2.-OBXECTIVOS

XERAIS

1. *Estender o uso da lingua galega dentro do centro escolar.*
2. *Implicar aos membros da comunidade educativa e ao alumnado no proceso de dinamización da lingua galega.*
3. *Combater prexuízos e prestixiar a lingua galega.*
4. *Incentivar o ritmo vivo da lingua.*
5. *Promover as competencias activas sobre as pasivas..*
6. *Seguir promovendo o uso das TIC's en lingua galega.*
7. *Empregar o galego como lingua de fomento dos valores transversais.*

ESPECÍFICOS

- 1- **CONTORNO:** *Aumentar a presenza e a valoración da lingua no contorno, crear canles de comunicación entre grupos e xeracións, propiciando o intercambio cultural e implicar as asociacións no proceso dinamizador.*
- 2- **PROFESORADO:** *Incrementar a competencia comunicativa en galego no profesorado, facilitar o acceso ás ferramentas tecnolóxicas e implicar a súa colaboración nas accións dinamizadoras e favorecer o mantemento das tradicións populares.*
- 3- **ALUMNADO:** *Revalorizar a lingua, gañar galegofalantes desterrando prexuízos, incrementar a competencia activa (oral e escrita) no alumnado e potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías.*
- 4- **CENTRO:** *Contribuír ao mantemento da lingua galega como vehículo oficial.*
- 5- **COLABORACIÓN CON OUTROS EDLG:** *Seguir a colaboración con outros EDLG, intercambiar propostas e abordar accións conxuntas coordinadas que propicie o contacto entre alumnado de diferentes zonas e abaraten os custos.*

3.-DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES

Para a consecución dos obxectivos nomeados no punto 2 imos empregar as distintas medidas expostas así como as actividades concretas máis abaixo especificadas. Na súa maioría contaremos coa colaboración case ao completo do profesorado, dado o reducido número de membros, de fácil coordinación. Non obstante destaca a implicación, ademais do EDLG, do Departamento de Lingua e Literatura Galega e do Departamento de Plástica, Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias, a Biblioteca e a Dirección.

Con respecto á temporalización das actividades, continuamos con algunhas das que tiveron mellor acollida en anos anteriores, engadindo algunhas novas coa ambición de que teñan continuidade en anos seguintes. Así mesmo, realizaremos actividades trimestrais (unha por trimestre), outras con duración semanal, e mais as que teñen lugar nunha ou dúas sesións:

- **PLURIANUAIS:**

- *A Mochila Viaxeira.*
- Publicación da revista e o blog de "*A Gaivota*".
- Club de lectura.
- Colaboración co centro SANIDÍA de Cangas.
- Proxecto interdisciplinar de centro, colaboración co profesorado titor de 1ºESO e a coordinadora do equipo da biblioteca: este curso traballan sobre "As crenzas e tradicións populares no Morrazo"

- SEMANAIS: actividades realizadas na Semana das Letras Galegas, Semana da prensa . (Ver actividades por trimestre)
- SINALADAS: as actividades relacionadas coas festas tradicionais e datas determinadas en estreita colaboración co departamento de actividades complementarias e extraescolares.

3.1.-ACTIVIDADES DURANTE TODO O CURSO

- **Potenciación das TICS:**
 - Seguir mantendo o **blog A Gaivota** onde os alumnos e os profesores poden comunicarse, facer diversas entradas e publicar traballos sempre en galego (www.aghaivota.blogspot.com).
 - Este curso contamos colgar material audiovisual elaborado polo alumnado.
- Colaboración na posta en práctica do **Proxecto Lector de Centro”(club de lectura)**. O Plan Anual de Lectura, o Plan Lingüístico de Centro, así como as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, serán as que marquen o rumbo do traballo do EDLG.
- Compra de libros: bandas deseñadas, mp3, cd’s de música, longametraxes e curtametraxes, material que utilizaremos para premiar os diferentes concursos.
- **Fornecemento de recursos web ao profesorado das diferentes materias que se impartan en galego e a quen o solicite** (correctores, dicionarios web, páxinas web...).
- Continuar coa actividade de **A Mochila Viaxeira** na que colaboran todos os Departamentos do centro coordinada polo Equipo da Biblioteca. Sortearase unha mochila en cada aula cada quince días onde o alumno gañador poderá gozar de material depositado nela por cada Departamento, incluíndo videoxogos, bandas deseñadas, libros, cd’s e xogos en galego. Cada mochila irá acompañada dunha axenda na que o alumnado e máis os

membros das súas familias poderán escribir a opinión e a valoración da actividade.

- En colaboración co profesorado do **Proxecto Interdisciplinar de 1º de ESO**, coa temática “As creencias e tradicións populares na comarca do Morrazo”
- Continuaremos coa representación de obras **teatro**, os ensaios realizaranse na materia de Teatro de 1ºe 2º ESO. Prepararanse obras e contos, o recital de poesía e a peza teatral para o alumnado do colexio adscrito, o CEIP de San Roque.

3.2.-ACTIVIDADES

1ºTRIMESTRE

- Renovación do grupo de Dinamización con rapaces de distintos cursos, coordinado polo EDLG, fomentando o uso escrito pero sobre todo oral do galego en toda as actividades que se realicen:
 - Como o curso pasado faremos **os carnés de “A-xentes da lingua”**, este ano faremosllo ó alumnado novo de 1ºESO, este carné renovarase curso a curso e o alumnado posuidor do carné terá algún beneficio como descontos e prioridade nas actividades organizadas polo EDLG.
 - Nesta reunión de presentación ao alumnado do EDLG e das actividades que imos facer ao longo do curso, incluímos estes 3 subgrupos nos que se apuntan en función dos seus intereses:
 - A Revista “A gaivota”,
 - Relaciones exteriores,
 - Blog.
- Coordinación co EDLG do IES Rodeira, o EDLG do María Soliño e CEIP de San Roque para organizar as distintas actividades que imos facer ao longo do curso (Teatro no auditorio, ruta de sendeirismo) de ambos grupos no 3º trimestre pola zona de Cangas.
- Contacto coa Federación de ANPAS de Cangas .
- “Na procura da personaxe misteriosa”: En colaboración coa Biblioteca realizaremos un concurso no que a través dunhas

preguntas o alumnado terá que adiviñar quen é a personaxe misteriosa , e así tamén aprenderá a moverse pola Biblioteca.

- Celebración do Samaín, en colaboración cos grupos de teatro e coa Biblioteca do centro representaremos uns contos de medo
- En colaboración co centro de día SANIDÍA de Cangas. Levaremos a película que se realizou no obradoiro de audiovisual o curso pasado : *Alumnator e a ameaza pantasma*.
- O 11 de novembro, participación no Magosto de toda a comunidade educativa.
- O 25 de novembro, Día contra violencia de xénero, poremos vídeos sobre a temática no blog “A gaiivota” e en colaboración co departamento de plástica organizaremos un concurso de carteis.
- Decembro: Postal de felicitación do Aninovo (concurso no que se colaborará co Dep. de Plástica) a toda a comunidade educativa.

2ºTRIMESTRE

- Celebración do 14 de febreiro: **“FALEMOS DE AMOR”**. O alumnado escribirá mensaxes de amor en galego , recolleranse todas e farase unha exposición. Tamén contamos esconder uns poemas de amor cortados na Biblioteca, terán que empatalos e premiaranse os 10 primeiros. Será o concurso “Verso a Verso”.
- Febreiro: **Entroido**: Colaboración na composición das murgas das comparsas.
- No mes de marzo: Celebración do **Día da Muller Traballadora**:
 - Contamos contactar con Maruxa Barrio Val, ex profesora do centro para que nos conte como combinou a recollida de contos populares galegos e o seu traballo como docente.
 - Reparto de lazos malvas entre toda a comunidade educativa.
 - Colgaremos vídeos no blog relacionados co tema.

3ºTRIMESTRE

- **Publicación e dixitalización da revista A Gaiyota** recompilando todos os traballos realizados durante o curso.
Continuar coa publicación e dixitalización no blog www.aghaivota.blogspot.com) da **revista do centro A Gaiyota** na semana das Letras Galegas, cunha recompilación dos traballos máis destacados do blog e con distintas colaboracións do alumnado.
- Abril: **Día do Libro**: exposición das novas adquisicións realizadas en galego, e colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega.
- Participación no Proxecto Terra: **Intercambio Territorial de Guimaraes**, traballando a Identidade Territorial.
- Representación duns contos no CEIP San Roque, polo alumnado de teatro

- Planificación dunha ***Semana Cultural no Día das Letras Galegas***:

- Recital de poesía, recompilación de poemas en distintas linguas: francés, castelán, inglés, (coa colaboración do auxiliar de conversa de inglés, de orixe estadounidense), galego. Faremos unha montaxe audiovisual: videopoemas que se colgarán no Blog. Participación activa da ANPA.
- Contratar o espectáculo de poesía de María Lado e Lucía Aldao, en colaboración coa Biblioteca.
- Elaboración dun díptico sobre a personaxe homenaxeada Valentín Paz de Andrade.
- Realización do **“4ª Tonadas +”** Hit Parade musical galego. Facendo unha votación elixirase a canción de máis éxito.
- Concurso fotográfico **“QUE É O QUE É”**. En colaboración co departamento de plástica convocaremos un concurso de fotografía onde cada alumno/a terá que traer unha fotografía suxerida dun obxecto etnográfico galego (aparells de labranza, do mar, da casa), seleccionaranse 10 fotografías e exporanse para o concurso. O que adiviñe “que é o que é” levará un regalo.

3.3.-COLABORACIÓN ENTRE CENTROS EDUCATIVOS

- **COORDINACIÓN CO EDLG DO IES RODEIRA, O EDLG DO MARÍA SOLIÑO E CEIP DE SAN ROQUE** para organizar as distintas actividades que imos abordar ao longo do curso :
 - **Ruta de sendeirismo:** organizaríamos previamente unha actividade de coñecemento entre o alumnado de ambos centros e no 3º trimestre faríamos unha ruta de sendeirismo pola zona de Cangas onde profundarían no patrimonio cultural da zona.

- **COORDINACIÓN CO CENTRO ADSCRITO, CEIP “SAN ROQUE”:**
 - Representación de contos, seleccionados polo alumnado do CEIP San Roque, nos distintos cursos de primaria polo alumnado de 1º e 2º ESO de teatro.

3.4.-COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN DO CONTORNO:

- Coa Asociación Veciñal de San Roque, que cada ano convoca un concurso de relatos, no que poderán participar o noso alumnado. Os mellores traballos publicaranse no blog e na revista.
- Asociación Cultural “A Ceba” colaboración co Proxecto Interdisciplinar e co proxecto de innovación, facilitándonos contactos e material da memoria histórica local.
- Cos centros da Terceira Idade da comarca. Centro SANIDIA de Darbo para a representación teatral dos contos de medo.

4.-AVALIACIÓN DO PROXECTO

Para que un proxecto que intenta fomentar o uso do galego teña éxito deberase ter en conta o impacto positivo e negativo deste nos membros aos que vai dirixido. Por isto, débese facer unha avaliación do noso proxecto, baseándonos primeiro nos seguintes elementos:

- Índice de participación do alumnado naquelas actividades voluntarias.
- Número de membros do grupo de Normalización e Dinamización e a súa implicación no proxecto.
- Emprego habitual do blog como ferramenta de comunicación entre todos os membros do centro.e número de entradas.
- Implicación da comunidade educativa.

Non obstante poderanse ampliar os datos sobre o impacto a través dunha enquisa que se fará a final de curso, tanto ao profesorado como ao alumnado dando a súa opinión sobre as actividades realizadas.

Todos os datos e conclusións reflectirémolos nunha memoria final, que nos servirá para decidir con que actividades imos seguir no curso seguinte e cales descartaremos ou intentaremos mellorar.